

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DE DETERMINADAS ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DOS RECURSOS ZOOXENÉTICOS AUTÓCTONOS DE GALICIA, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014\_2020.**

En Santiago de Compostela, - 3 XUN, 2016

**REUNIDOS**

Dona Ángeles Vázquez Mejuto actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Alfonso Rueda Valenzuela, con DNI G36155208, actuando en nome e representación da Fundación Semana Verde de Galicia, na súa condición de Presidente.

Cada un intervén en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar este Convenio de colaboración.

**EXPOÑEN**

**Primeiro.** Segundo o establecido no artigo 30.1.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, en materia de agricultura e gandería.

**Segundo.** Entre outras funcións, a Consellería do Medio Rural é competente no desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e control da produción gandeira, así como na elaboración e execución dos programas de conservación e fomento dos recursos zooloxénicos autóctonos de Galicia, como se





recolle no artigo 16.2. do Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

**Terceiro.** A Fundación Semana Verde de Galicia é unha institución sen fin de lucro, creada no 1991 e declarada de interese galego. A Fundación ten entre os seus fins:

1. Contribuír ao desenvolvemento do sector agrario galego, a través de actividades feirais e de mercados agropecuarios.
2. Promover a cooperación público-privada no desenvolvemento de actividades feirais e promocionais no campo agrario, alimentario, industrial e comercial co obxecto de impulsar o avance continuo dos devanditos sectores.
3. Reforzar a posición estratéxica de Galicia como plataforma feiral para o desenvolvemento de grandes eventos sectoriais de ámbito estatal e internacional.
4. O impulso e promoción do Recinto Feiral de Galicia en Silleda como un enclave estratéxico para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia e, en particular, como infraestrutura de promoción e exposición comercial.

Un dos seus sinais de identidade é o apoio ao sector gandeiro, colaborando dende fai décadas coa Xunta de Galicia, e apostando especialmente polas razas autóctonas en perigo de extinción e os seus produtos, debido ao gran interese que estes suscitan, conformando dende fai moitos anos un efectivo espazo de promoción durante a celebración anual da Feira Internacional Semana Verde de Galicia.

**Cuarto.** As accións en materia de conservación de recursos zoonéticos planifícanse consonte as disposicións do Regulamento (CE) nº 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader, artigo 28. Agroambiente e Clima), e xestiónanse de conformidade co Regulamento (UE) 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade. Están recollidas na submedida 10.2: conservación de recursos xenéticos na agricultura, do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014-2020, aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) 8144 do 18 de novembro de 2015.

**Quinto.** A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso exprésase o artigo 36.c, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do







mesmo decreto posibilita a concesión de subvencións directas mediante convenio, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social ou económico.

**Sexto.** Galicia conta unha ampla variedade de recursos zootécnicos autóctonos, razas gandeiras de distintas especies animais, menos produtivas que outras pero con grande diversidade xenética e moi adaptadas. O fomento do uso comercial destes recursos é un elemento clave para o seu futuro e para o cal a súa promoción e difusión constitúense en piares vitais.

O novo Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014-2020, na submedida 10.2. de apoio á conservación e o uso e desenvolvemento sostibles dos recursos xenéticos na agricultura, recolle especificamente dentro das Actividades de acompañamento: as actuacións informativas, divulgativas e de impulso da difusión e intercambio de recursos xenéticos, así como aquelas que creen un espazo, servíndose das novas tecnoloxías de comunicación, no que se poña a disposición de todos os interesados a información que sexa útil para a conservación e utilización sostible destes recursos. Ademais, entre os obxectivos que o programa persegue, está o de diferenciar a produción das razas autóctonas do resto de produtos existentes no mercado a día de hoxe. Para isto, o consumidor debe contar con toda a información sobre as características da raza e o seu sistema de explotación, polo que son de especial importancia as tarefas de divulgación.

A Consellería do Medio Rural e a Fundación Semana Verde xa veñen colaborando dende fai anos na promoción dos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia en perigo de extinción, coa finalidade de chegar ao maior número de persoas, organizacións, partes interesadas e público en xeral. As actuacións do convenio correspóndense directamente cos intereses, fins e actividades da Fundación xa que estas se desenvolven fundamentalmente como actividades feirais dirixidas ao sector agrogandeiro galego, estatal e internacional. Así mesmo, dado que estas se realizan dentro de grandes eventos sectoriais como a Feira Internacional Semana Verde de Galicia contribúen de forma directa ao impulso do Recinto Feiral de Galicia en Silleda como infraestrutura de promoción e exposición comercial.

O desenvolvemento deste programa de actuacións de promoción, só é posible coa participación da Fundación Semana Verde. Nestas condicións o procedemento ordinario de concorrencia competitiva na concesión de subvencións resulta improcedente, por canto a entidade destinataria resulta imprescindible para a xestión do programa. Dentro das tarefas de difusión das razas autóctonas e dos seus produtos, é moi importante que o público poda contemplar aos animais in situ, así como degustar os seus produtos, xa que este é o único xeito de coñecer e apreciar as razas. A exposición de animais ten uns requirimentos moi específicos: é preciso contar con grandes superficies, cubertas e ao aire libre, infraestruturas adaptadas aos animais vivos, salas de conferencias e instalacións de exposición que contén con todos os equipamentos. A todo isto se unen outras esixencias loxísticas: parking, cafetería e restaurante de gran capacidade, así como facilidade de acceso e





comunicación. Todo isto sumado á repercusión das actividades organizadas pola Fundación Semana Verde, fan que esta sexa a única entidade en Galicia susceptible de realizar as actuacións contempladas no convenio.

Polo tanto, asumindo que a promoción de programas de conservación e fomento dos recursos zooloxénicos autóctonos de Galicia reúne as condicións aludidas na lei e o regulamento de subvencións, enténdese a procedencia da sinatura dun novo Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Fundación Semana Verde para para a execución de determinadas actividades de promoción dos recursos zooloxénicos autóctonos de Galicia en perigo de extinción.

**Sétimo.** En virtude do anterior, e acreditado que a Fundación Semana Verde cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiaria, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ámbalas dúas partes acordan asinar o presente convenio de acordo coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións da colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Fundación Semana Verde de Galicia para a execución de determinadas actividades de promoción dos recursos zooloxénicos autóctonos de Galicia en perigo de extinción.

A finalidade do convenio se axusta aos fins e obxectivos da Fundación, obxectivos compartidos coa consellería do Medio Rural tal como se recolle nos expoñendos terceiro e segundo respectivamente.

### SEGUNDA. Obrigas da Fundación Semana Verde

Toda a información relativa ao convenio, o calendario anual de actividades e unha reseña ás distintas actuacións e eventos desenvolvidos, estará dispoñible nunha web na que se respectará a publicidade FEADER.

#### A. Relativas á promoción das razas:

Todas as actividades de promoción e difusión seguirán un plan anual que será presentado no transcurso do primeiro mes dende a sinatura do convenio para o ano 2016 e no mes de xaneiro no resto dos anos. Este plan anual será aprobado pola persoa responsable da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias. Nos casos en que non sexa posible a previsión das actuacións dentro da programación anual comunicaranse as actuacións a desenvolver cunha antelación mínima de 10 días. Estas comunicacións irán dirixidas á Dirección Xeral de





Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias e incluírán todos os datos relativos á data, horarios, persoa de contacto e lugar de celebración da actuación, así como un breve resume do contido da mesma.

1. Organización e xestión de actividades na Semana verde de Galicia con participación das razas autóctonas nas feiras en polo menos unha feira sectorial dedicada á gandería e outra á alimentación. A participación incluírá a presenza de exemplares das distintas razas autóctonas de Galicia.
2. Organización de concursos morfolóxicos e certames monográficos de carácter profesional.
3. Presentación das razas e das asociacións de criadores.
4. Presenza de marcas comerciais, especialmente o selo de calidade autóctona 100%, e exposicións e degustacións de produtos derivados das razas.
5. Conferencias, xornadas técnicas, charlas informativas, cursos especializados e actividades complementarias para a promoción do gando autóctono galego.
6. Difusión en prensa, radio, televisión e redes sociais destas actividades.

### TERCEIRA. Gastos financiábeis

A Consellería do Medio Rural non participa nas actividades nin dos resultados do presente convenio e financiará as actuacións do mesmo, realizadas a partir da data de sinatura do convenio.

Achégase, nos anexos ao texto do convenio, o cadro orzamentario coas actuacións a desenvolver pola Fundación Semana Verde coa análise dos custos.

A Fundación Semana Verde poderá contratar con terceiros a execución das actuacións do convenio ata un 100%, para elo, estará sometida ás obrigas establecidas nos apartados 3 e 4 do artigo 27 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Ademais, estará sometida ao recollido no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e tamén ao recollido no apartado relativo ás accións de mitigación establecidos co obxecto de minorar os riscos detectados nesta medida recollida no Programa de desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014\_2020:

1. Deste xeito, en todos os casos se esixirá, calquera que sexa a contía do gasto, a solicitude dun mínimo de tres ofertas a distintos provedores, con carácter previo á prestación do servizo ou á entrega do ben, agás que polas especiais características da actuación non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren. A escolla entre as ofertas, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse





expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

2. As ofertas detallarán con claridade os conceptos incluídos na proposta, económica e tecnicamente.
3. Ademais, de acordo co artigo 23.2 da Lei 14/2013, de racionalización do sector público, as empresas invitadas nos procedementos de contratación non poderán estar vinculadas entre elas. Esta vinculación apreciarase nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público. Ás empresas invitadas a presentar ofertas esixiráselles sempre unha declaración das empresas coas que teñan vinculación, nos termos establecidos no apartado anterior. No expediente deberá deixarse constancia das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento.

Non obstante o anterior, con independencia do gasto subvencionable, nos gastos restantes haberá que contemplar igualmente un sistema de avaliación dos custos que permita á administración comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionables, mediante a comparación de tres ofertas.

O Imposto sobre o valor engadido, excepto cando non sexa recuperable conforme á lexislación nacional sobre IVE, non é financiabile polo FEADER, tal e como se recolle no artigo 69.3 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013. No caso de que o IVE poida ser subvencionable, os beneficiarios deberán presentar a xustificación documental de non suxeición ou exención do imposto emitida pola AEAT.

O convenio subscríbese no marco da Submedida 10.2 do Programa de desenvolvemento rural de Galicia, sendo a intensidade da axuda do 80% dos gastos subvencionables, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) cunha porcentaxe de financiamento do 75%, o 7,5% correspondería ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e o 17,50% restante á Xunta de Galicia. O financiamento das actuacións do presente convenio é incompatible con calquera outro que proveña de fondos comunitarios, pero si o podería ser con outros fondos públicos ou privados achegados para o efecto. En todo caso, deberá garantirse a non existencia de dobre financiamento para a mesma actuación.

#### **CUARTA.** Xustificación

A data límite de xustificación e presentación de gastos e pagamentos será o 1 de decembro de cada ano.

Con cada xustificación o beneficiario debe achegar:







1. Unha certificación do representante legal ou persoa na que teña delegada a representación da entidade, coa relación en detalle das actividades realizadas.
2. Unha certificación do representante legal ou persoa na que teña delegada a representación da entidade, na que se indique a porcentaxe de tempo que o traballador dedica ao proxecto cando se xustificuen gastos de persoal propio.
3. Os xustificantes orixinais dos gastos e as xustificacións bancarias que acrediten o seu pago efectivo.
4. Unha memoria económica en formato dixital '.xlsx' (táboa de gastos segundo o esquema do anexo)
5. Unha memoria técnico - económica das actuacións realizadas, na que se identifique a finalidade elixible e contemplada no convenio de cada un dos gastos imputados. Neste documento acreditarase o cumprimento das obrigas de publicidade recollidas na cláusula undécima. O material consecuente das actuacións será incluído ou reproducido neste documento.
6. Unha declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes, ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto.
7. Unha memoria de moderación de custos segundo os criterios establecidos na cláusula terceira. Nesta farase referencia aos orzamentos solicitados identificando as entidades consultadas, a data da oferta e importe da mesma. No caso en que a oferta elixida non sexa a mais vantaxosa economicamente, a memoria incluírá as motivacións de tal elección.

Poderanse efectuar pagamentos a conta, pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, sempre de acordo co disposto no artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, abonados por contía equivalente á xustificación presentada a conta da liquidación final. O importe do pagamento a conta poderá acadar ata o 80 % da contía anual adxudicada.

Non obstante, a Fundación Semana Verde queda eximida de constituír garantías para efectuar estes pagamentos a conta, de acordo co disposto no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coas actividades realizadas no marco do convenio, incluíndo a relativa ao cumprimento dos requisitos de presentación de datos á autoridade de xestión e ao rexistro de realizacións e resultados.

As actuacións descritas no presente convenio, estarán sometidas a un sistema axeitado de avaliación de custos, con independencia do importe do gasto subvencionable. De acordo co establecido no artigo 48 do Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, no que se establecen





disposicións relativas aos controis, os controis administrativos incluírán a comprobación por parte da unidade xestora do sistema empregado para a moderación de custos.

Os gastos deberán responder de xeito indubidable á natureza das actividades recollidas no presente convenio, incluídos os gastos de persoal e os medios loxísticos necesarios. De acordo co establecido no Programa de desenvolvemento rural, non se financiarán actividades no Programa marco da Comunidade Europea para accións de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e demostración.

Os gastos ou investimentos realizados deberán acreditarse mediante a presentación dos xustificantes orixinais do gasto e as xustificacións bancarias que acrediten o seu pago efectivo. As facturas presentaranse en orixinal, e marcaranse cun selo indicando nel a actuación para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente ao convenio indicando, neste último caso, a porcentaxe que resulte afectada polo mesmo.

Ademais, tendo en conta que entre as actuacións do convenio se recollen actuacións executadas con medios propios achegados pola Fundación Semana Verde, concretamente man de obra propia remunerada, coa xustificación documental dos gastos e pago dos traballos executados cos medios propios, deben achegarse as nóminas correspondentes ao tempo dedicado por cada traballador á execución do traballo, certificando especificamente o emprego da porcentaxe de tempo que o traballador dedica ao proxecto, así como a documentación acreditativa do pago das nóminas, cargas sociais e IRPF.

Si se utilizan medios materiais propios, o beneficiario poderá imputar ao proxecto, a parte proporcional que corresponda dos custos de amortización deses equipos ou materiais durante a vixencia do convenio, custos que deben calcularse de conformidade coas normas de contabilidade, debendo achegar a documentación acreditativa do sistema de cálculo utilizado.

Toda a documentación incluída na xustificación presentarase tamén en formato dixital '.pdf'

#### **QUINTA. Relacións laborais**

A subscrición do convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e os empregados da Fundación Semana Verde que desenvolvan as actividades programadas e a Xunta de Galicia.

#### **SEXTA. Comisión de seguimento**







Para avaliar o desenvolvemento do convenio de colaboración poderase constituír unha comisión de seguimento, coa seguinte composición e funcións:

1. Composición:

Por parte da Consellería do Medio Rural:

- O subdirector xeral de Gandaría ou persoa en quen delegue
- O xefe do servizo de Producións Gandeiras e Benestar Animal ou persoa en quen delegue

Por parte da Fundación Semana Verde:

- O representante legal ou persoa en quen delegue
- Un técnico

2. Funcións:

- a) Levar a cabo o seguimento da execución e cumprimento do convenio.
- b) Propoñer e deseñar medidas e actuacións que redunden no éxito da aplicación do presente convenio.
- c) Establecer e definir criterios e pautas de actuación a seguir, así como de levar a coordinación, a supervisión técnica das accións previstas no convenio e os resultados acadados.

3. A comisión de seguimento reunirse, polo menos 1 vez ao ano, con carácter ordinario, co fin de avaliar o desenvolvemento das actuacións levadas a cabo, e, con carácter extraordinario, sempre que o solicite algún dos seus membros.

A Consellería do Medio Rural ostenta a prerrogativa da interpretación e resolución de cantas dúbidas e controversias xurdan na aplicación do convenio.

**SÉTIMA.** Informes

A Fundación Semana Verde elaborará anualmente un informe analítico das actividades realizadas no marco do convenio, informe que presentará antes do día 15 de xaneiro do seguinte ano, e aqueles informes que a Consellería considere necesarios para a correcta avaliación do mesmo. No último ano da duración do convenio, o informe incluírá unha análise do cumprimento das obrigas asumidas coa sinatura do presente convenio.

De conformidade ao establecido no artigo 71 do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, o beneficiarios proporcionará á Autoridade de





xestión, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e avaliación do programa.

Así mesmo o beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### **OITAVA. Plan de controis**

A execución das actividades realizadas pola Fundación Semana Verde, obxecto do convenio, está suxeita ao plan de controis establecido, de acordo coas disposicións regulamentarias prescritas para os controis de fondos cofinanciados polo FEADER, que inclúen:

1. Un control administrativo de todas as solicitudes de pago e outras declaracións ou das operacións derivadas dos plans específicos que desenvolvan. Estes controis aplicaranse sobre todos os elementos de admisibilidade que sexa posible controlar por vía administrativa. Os procedementos empregados permitirán rexistrar os controis, os resultados das comprobacións e as medidas adoptadas en caso de discrepancias.
2. O número total de controis sobre o terreo de solicitudes de pago presentadas durante o ano natural representará polo menos o 5% do gasto financiado polo FEADER que aboa o organismo pagador cada ano natural sobre o total da submedida.

A Fundación Semana Verde comprométese a colaborar na execución dos controis nos termos que se precisen. Igualmente, acepta someterse aos controis que legalmente procedan a cargo da Intervención Xeral da Xunta de Galicia, do Consello de Contas, dos órganos comunitarios de inspección e do Servizo de Auditoría Interna do FOGGA.

Ademais, conforme o disposto no artigo 66.1 c) do Regulamento 1305/2013, a entidade levará un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable axeitado para todas as transaccións relativas ás operacións relacionadas coas actuacións do convenio e que son financiadas con fondos FEADER.

Para unha correcta aplicación do recollido nesta cláusula atenderase ao disposto nas Circulares de coordinación ditadas polo Fondo Español de Garantía Agraria relativas á aplicación de reducións, sancións e exclusións, así como ao control das medidas de desenvolvemento rural non establecidas no sistema integrado do período 2014\_2020.

#### **NOVENA. Incompatibilidade**







A percepción dunha achega en base a este convenio é incompatible con calquera outro que proveña de fondos comunitarios, pero si é compatible con calquera outra que poida obterse doutras administracións ou entes públicos para a mesma finalidade. En todo caso, deberá garantirse a non existencia de dobre financiamento para a mesma actuación.

#### **DÉCIMA.** Retirada parcial ou total e obriga de reintegro.

Se o importe da solicitude de pago supera o importe dos custos que se consideren admisibles durante os controis administrativos en máis dun 10%, aplicarase unha sanción administrativa ao importe dos custos admisibles. O importe da sanción será igual a diferenza entre eses dous importes, pero non irá máis alá da retirada total da axuda.

A entidade perceptora dos fondos, comprométese a cumprir as obrigas que como beneficiaria dunha subvención sinala o artigo 11 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A entidade ten a obriga de reintegrar, total ou parcialmente, a achega percibida xunto cos xuros de demora que correspondan, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Conforme ao disposto no Artigo 7 do Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade, no caso de pago indebido, o beneficiario quedará obrigado a reintegrar o importe en cuestión, ao que se engadirán de ser o caso, os intereses calculados en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pago para o beneficiario indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución.

O tipo de xuro aplicable calcularase de acordo co Dereito nacional, pero non poderá ser inferior ao tipo de xuro aplicable á recuperación de importes en virtude das disposicións nacionais.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.** Propiedade intelectual e publicidade

A propiedade intelectual dos traballos e dos datos obtidos no desenvolvemento do presente convenio pertencerá á Fundación Semana Verde.



A Fundación Semana Verde poderá publicar datos e resultados parciais ou finais obxecto do presente convenio sen ningunha limitación. En calquera caso, a difusión de información relativa ao presente convenio deberá facer mención expresa a este.

Nos documentos e carteis executados en desenvolvemento do presente Convenio, faranse constar os símbolos de identidade corporativa das entidades intervenientes consonte co disposto no Decreto 409/2009, do 5 de novembro, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.

Así mesmo, os beneficiarios deberán atender ao disposto no Anexo III do Regulamento de Execución (UE) 808/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014, modificado polo Regulamento de execución (UE) 2016/669 da Comisión do 28 de abril de 2016, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader, concretamente ao recollido na *PARTE 1. Punto 2. Responsabilidades dos beneficiarios*, e na *PARTE 2: Características técnicas das actividades de información e publicidade*.

#### **DUODÉCIMA. Resolución**

Son causas de resolución do presente convenio: o incumprimento total ou parcial dalgunhas das súas cláusulas, o transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas, e as modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería do Medio Rural.

#### **DÉCIMO TERCEIRA. Autorizacións**

A Fundación Semana Verde autoriza á Consellería do Medio Rural, á obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

Así mesmo, presta o seu consentimento á Consellería do Medio Rural para incluír os datos relevantes referidos ao convenio, regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, así como para publicalos no rexistro público de convenios da consellería competente en materia de administracións públicas, de acordo co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

De acordo co Artigo 71 do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, os beneficiarios de axudas no marco das medidas de desenvolvemento rural autorizarán expresamente ao órgano xestor para que este poida consultar toda a







información necesaria para poder realizar o seguimento e a avaliación do programa, en particular en relación co cumprimento de determinados obxectivos e prioridades.

#### DÉCIMO CUARTA. Natureza

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polas súas propias cláusulas. En todo o non sinalado estarase ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei, así como o disposto nos Regulamentos (UE) 808/2014, modificado polo Regulamento de execución (UE) 2016/669 da Comisión do 28 de abril de 2016, e 809/2014 da Comisión, polos que se establecen as disposicións de aplicación dos Regulamentos (UE) 1305/2013 e (UE) 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello.

A xurisdición contencioso - administrativa será a competente para entender os litixios que puideran xurdir.

#### DÉCIMO QUINTA. Vixencia do convenio e financiamento

O presente convenio, que producirá efectos dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro do 2019, asínase para o período 2016-2019, coa seguinte dotación máxima para cada unha das anualidades do convenio:

- 160.000 € para o ano 2016
- 160.000 € para o ano 2017
- 160.000 € para o ano 2018
- 160.000 € para o ano 2019

O Imposto sobre o valor engadido, excepto cando non sexa recuperable conforme á lexislación nacional sobre IVE, non é financiable polo FEADER, tal e como se recolle no artigo 69.3 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Calquera variación normativa que leve aparelados cambios respecto ao IVE dará lugar á modificación deste convenio a través da correspondente addenda. Os pagos efectuaranse con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.713C.743.01 do código proxecto 201600191.





**DÉCIMO SEXTA.** Programa, medida e prioridade.

As accións recollidas no presente convenio se subvencionan en virtude da Medida 10 Agroambiente e Clima, Submedida 10.2. Conservación de recursos xenéticos na agricultura, prioridade 4: "Restaurar, preservar e mellorar os ecosistemas relacionados coa agricultura e a silvicultura" do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014\_2020, cofinanciado polo FEADER.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado o presente Convenio de Colaboración no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Consellería do Medio Rural

Ángeles Vázquez Mejuto



Pola Fundación Semana Verde

Alfonso Rueda Valenzuela





## ANEXO II

### MECANISMOS DE MODERACIÓN DE CUSTOS

Tal e como se establece na Cláusula Cuarta, as actuacións descritas no presente convenio, estarán sometidas a un sistema axeitado de avaliación de custos:

De acordo co establecido no artigo 48 do Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, no que se establecen disposicións de relativas aos controis, os controis administrativos incluírán a comprobación por parte da unidade xestora do sistema empregado para a moderación de custos.

**O control de custos avaliarase en todos os casos mediante a comparativa de tres ofertas diferentes**, as cales procederán en todos os casos de provedores acreditados e independentes. As ofertas serán detalladas e incluírán os mesmos elementos para facilitar a súa comparación. Consideraranse aquelas que ofrezan a mellor relación de calidade do servizo ou material, en relación co prezo das mesmas. No caso de non escoller a proposta económica máis vantaxosa deberán xustificarse expresamente nunha memoria as motivacións desta elección.

No caso en que non existan no mercado provedores suficientes para cumprir co establecido no parágrafo anterior, esta circunstancia xustificarse expresamente na memoria de moderación de custos.

#### PERSONAL :

- 5 traballadores da área comercial para as labores de organización, xestión e coordinación da exposición e demais actividades de promoción das razas, así como da súa divulgación en medios
- 5 traballadores da área de infraestruturas para labores de montaxe da zona expositiva, da pista principal e das salas de xornadas técnicas e reunións de traballo
- 5 traballadores da área económico-administrativa para labores de tramitación administrativa, fiscal e contable, comprendéndose a elaboración e preparación da xustificación do convenio.

O custe deste persoal propio ven determinado polo convenio laboral aplicable a cada traballador: O persoal destinado a labores de montaxe está adscrito ao convenio da construción da provincia de Pontevedra e o persoal técnico está adscrito ao convenio de oficinas e despachos da provincia de Pontevedra.

#### AMORTIZACIÓNS:

Calcularanse de conformidade coas normas de contabilidade, debendo achegar a documentación acreditativa do sistema de cálculo empregado.



### ANEXO III

#### CADRO DE PREVISIÓN DE ACTUACIÓNS E CUSTOS ANUAIS

Os importes reflectidos no cadro corresponden a cálculos de custos estimados durante cada un dos catro anos de vixencia do convenio, que poderán ser obxecto de variacións no momento da xustificación das actuacións, en función das actividades desenvolvidas e os obxectivos acadados.

CONCEPTO	TIPO DE GASTO	CONCEPTOS	IMPORTE CONCEDIDO
Persoal propio da entidade asignado á realización de traballos do convenio	Persoal técnico e Administrativo	-Toma de decisións, tarefas de coordinación e supervisión. -Programación das actuacións, deseño de protocolos e documentos de traballo. -Colaboracións de asociacións profesionais. -Tratamento de datos, intercambios información.	100.000€
Actuacións de promoción das razas e dos produtos derivados das mesmas.	Gastos facultativos e outros relacionados cos animais	- Limpeza. - Alimentación. - Gastos de transporte.	60.000€
	Loxística, Infraestruturas, Acondicionamento instalacións	-Materiais e montaxe exposición. -Servizos de megafonía e acondicionamento. -Custos derivados do mantemento e arrendamento de infraestruturas e maquinaria.	
	Gastos específicos en divulgación, promoción, publicidade.	-Comunicacións, dípticos, carteis promocionais. -Campañas de comunicación en medios.	
<b>TOTAL ESTIMADO</b>			<b>160.000€</b>







## ANEXO IV

### MEMORIA ECONÓMICA

De acordo co establecido na Cláusula Cuarta, toda xustificación virá acompañada dunha memoria económica en formato dixital que incluírá como mínimo os seguintes campos:

PROVEEDOR

CONCEPTO

DATA FACTURA

Nº FACTURA

BASE IMPOÑIBLE /SALARIO LÍQUIDO A PERCIBIR

IVE/SS EMPRESA

SS TRABALLADOR

IRPF

FACTURA/NÓMINA (OUTROS CONCEPTOS)

TOTAL FACTURA/ COSTE TRABALLADOR

DATA PAGO

PORCENTAXE IMPUTADA

TOTAL IMPUTADO

